



Resolución do 25 de febreiro de 2026, da Xerencia da Área Sanitaria da Coruña e Cee, pola que se abre prazo para solicitar a realización de xornada complementaria no ámbito da enfermaría hospitalaria

Por Resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, de data 22 de decembro de 2021, foi aprobado o Programa especial para persoal enfermeiro/a e enfermeiro/a especialista pola realización extraordinaria de xornada complementaria durante o Nadal, en unidades de hospitalización e determinadas áreas especiais; programa que foi prorrogado ata o 31 de xaneiro de 2026.

Dado que as necesidades que suscitaron a adopción do antedito programa subsisten e continúa a situación de indispoñibilidade de profesionais nas listaxes de chamamentos temporais, a Dirección Xeral de Recursos Humanos, comunicou a prórroga do devandito programa, con efectos do 1 de febreiro e ata o 31 de xaneiro de 2027, aplicándose as contías que se indican a continuación segundo o establecido na Orde do 23 de xaneiro de 2026 pola que se ditan instrucións sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica para o ano 2026 (DOG nº 16 do 26 de xaneiro de 2026).

Quenda mañá-tarde (7 horas)		Quenda de noite (10 horas)	
Laborable	Festivo	Laborable	Noite de venres e sábado pre-festiva (*)
162,26	262,85	281,70	320,90

(*) Festivo, noite e pre-festivo inclúe o valor módulo correspondente

Así mesmo, ante a indispoñibilidade de profesionais nas listaxes de chamamentos temporais, retribuirase unha contía adicional de complemento de produtividade variable de 1.365€, polo compromiso e realización de, polo menos, 105 horas de xornada complementaria durante o período de duración do programa, do 1 de febreiro ata o 31 de xaneiro de 2027, para dar cobertura ás necesidades asistenciais.

Con base no anterior, e no uso das atribucións conferidas polo Decreto 134/2019, do 10 de outubro, polo que se regulan as áreas sanitarias e os distritos sanitarios do Sistema público de saúde de Galicia e na Orde do 22 de abril de 2020, de delegación de competencias en órganos centrais e periféricos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde e na Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde,



RESOLVO:

Primeiro: Realizar oferta de voluntariedade para que o persoal enfermeiro/a e enfermeiro/a especialista hospitalario/a poida manifestar a súa voluntariedade para a realización de xornada complementaria nos centros hospitalarios da Área Sanitaria da Coruña e Cee.

Non será preciso que o persoal que xa teña presentado con carácter previo, nas ofertas realizadas no ano 2025, a súa opción de voluntariedade, volva manifestar a mesma.

Do mesmo xeito, permítese que o persoal que nas ofertas do ano 2025 teña manifestado a súa voluntariedade e desexe renunciar á mesma, poida facelo.

Segundo: A inscrición ou renuncia realizarase mediante a cumprimentación dos formularios que se habilitarán na páxina web do Espazo do Profesional, os cales deberán ser cumprimentados telematicamente, polas persoas interesadas na participación no programa especial de voluntariedade para a realización de xornada complementaria, ou na súa renuncia ao mesmo.

O prazo de inscrición será de 10 días hábiles, a contar desde o seguinte ao da publicación da presente resolución na páxina web do Espazo do Profesional.

Contra a presente resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada perante a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, no prazo dun mes a contar dende o seguinte ao da publicación da presente resolución na páxina web do Espazo do Profesional, de conformidade co disposto no artigo 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Asinado dixitalmente na Coruña,

Luis Verde Remeseiro

Xerente da Área Sanitaria da Coruña e Cee

